

RESOLUCIÓN pola que se amplía o crédito da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C).

O 26.1.2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 19) a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C).

O artigo 5 da Resolución do 26.12.2023, citada, establece que as subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).

O artigo 6 da Resolución do 26.12.2023 prevé a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Consonte ao exposto, actualmente na aplicación orzamentaria correspondente existe crédito dispoñible polo que se considera oportuno ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente e incrementar o importe total da axuda convocada.

De acordo co anterior, unha vez declarada a dispoñibilidade de crédito, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

RESOLVO

Artigo único. Ampliación do crédito orzamentario

Ampliar o importe total do crédito das subvencións establecidas na Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C).



Na seguinte táboa detállase o crédito definitivo

Crédito	Conta financeira	Importe
Inicial	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	200.000,00 €
Ampliación	6566 (subvencións de capital a corporacións locais)	201.807,25 €
Total		401.807,25 €

Esta resolución producirá efectos consonte ao previsto no artigo 39.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta de Augas de Galicia

PD. O director de Augas de Galicia

(Disposición adicional primeira da Resolución do 26.12.2023, DOG do 26.1.2024)

Roi Fernández Añón

